

- **Lugar:** Santalla, SANTALLA D'OZCOS.
- **Narradores:** José Lombán Pérez, 78 anos y súa muyer, Neri Rodríguez Rancaño, 74 anos (2007).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López y José Luis Díaz Álvarez.
- **Grabacióis:** *Pedrín das ánimas*.

### Pedrín das ánimas

[José]: ¿Sabéis el caso das ánimas?, ¿d'únde vein as ánimas? Pos éche tamén dinnu de saber esto das ánimas, que chamábanye “Pedrín das ánimas”. ¿Teinlo oído? Un día cuntóume el caso a min, porque él vía trabayar aquí... e dixo que cuando vera da mili que comprara na Veiga un revólver e dúas caxas de tiros, e bueno, dixo:

—Taba aí nu Xigante y había dous ou tres noites que nun prendía sono... — porque anduvera por aí tamén de jarana e tal—, nun prendía sonu e tía un sonu que me mataba, e taba durmindu... había un pedacete que me deitara, pouco...

E dixo que chegara a madre y que ye dixera:

—¡Oi, Pedro, nun sei qué é el qu'anda pur aí!

—Bou, ¿qué... qué ha andar? ¡Nun anda nada!

—Eu nun sei qué anda pur aí... —que nun sei qué, nun sei cuánto.

E dixo:

—Nun fecen caso, tía muchísimo sono, quedaba durmindu xa, así nun era a marchar...

E vólveme chamar por terceira vez e dixo:

—Por Dios che pido, levántate, que nun che sei qué anda pur aí, nun che sei se son as ánimas si quí é.

¿E qué era? Unhos de Buduedo que... él tía un irmáu qu'era muito máis novo qu'él e vían en busca del pequenu pra que salise pra fora e pasaran cuas camisas fora e d'esta manera poleándoas por encima e facendo ruidu pra qu'el pequenu salise pra fora. Pensaban eles qu'el pequenu que taba na casa e nun taba. Nun sei únde iban él y el padre. E despóis cumu ye dixu: “Deben ser as ánimas ou esu”, d'aí despóis ye quedóu a él “Pedrín das ánimas”. Bueno, el caso é que vaise él e dixo: “¿Qué han ser ánimas? —eso pensóulo pra si—, lo que pasa qu'él úa casa sola y han vir aquí facer burla de tal e de cual”. E dixo: Piyo el revól-

ver —que tíalo alí no baúl—, métoye un par de tiros... e pasaban eles d'hacia este chao d'acó d'hacia Buduedo, abro a ventá... eu vexo aquelo, nun esperéi nada... [disparéi] al bulto. De casualidá nun matéin un neno. Y eles empezaron a berrar y a correr, e chegan a Buduedo e díxuyes el abolo d'esta Ester qu'hai hoi:

—¿Qué traedes, home? ¿Ou por qué berráis ou por qué chorades?

—É que nos tiróu Pedro un tiro.

E vían alí us guardias vindu hacia Taramundi y oin us disparos e chegan, xúntanse alí e...

—¿Qué pasóu?, ¿por qué choráis...?

E cúntanye el caso e botan pra aló e chegan... e Pedro, vistu que eran os guardias ya que tal, dixo: “Garro el revólver ya mándolo xa pola ventá por entre as patacas abaxo pra que nunu visen”.

E bueno, puñeranye unha semana de cárcel... claro, el revólver nun parecéu, pero bueno, érache úa cárcel tamén... dixo qu'el carceleiro que ye dera a chave... E dixo: “Taba na cárcel cuando me parecía e, cuando non, salía a dar un paseo e tuven unha semana d'esa manera”.

É verdá, e fora tanto que dixo que tían unha becerra, y a becerra col medu de... taba presa alí no fondo da corrada y había unha cancela, y a becerra tuvo medu tamén a aquelas musarañas que facían, arrincóu el poste ya a cancela e marcha pula curtía abaxo, de causalidá nun se matóu...

[Neri]: ...coa cancela arrastro.

[José]: É verdá, coa cancela arrastro, e claro, a cancela daba pinches ya dába-y golpes a ela, digo eu: “Nun m'estraña que túa madre tuviese medo vendo a maniobra”. E d'aí che vén el asunto de Pedrín das ánimas.



014.  
**JOSÉ LOMBÁN & NERI RODRÍGUEZ**  
Santalla, SANTALLA D'OZCOS

Foto: Jesús Suárez López

